


Hai un catálogo de personalidades?





O psicólogo e psiquiatra suízo Carl Gustav Jung (1875-1961) estableceu 8 perfís de personalidade, pretendendo interpretar o xeito no que o noso compoñente espiritual queda expresado a través das nosas propias accións.

Partiu de dous conceptos básicos: a introversión (tendencia a pecharse en si mesmo) e a extraversión (tendencia a interesarse polo que acontece arredor). Logo cruzounos coas catro funcións psicolóxicas que nos definen: pensar, sentir (racionais), percibir e intuír (irracionais). O resultado foron oito tipos psicolóxicos.

1. REFLEXIVO-INTROVERTIDO



Son persoas moi centradas nos seus propios pensamentos, e case nada no que ocorre máis alá delas. Interésanse sobre todo polos pensamentos de tipo abstracto, as reflexións e as batallas teóricas entre distintas filosofías e xeitos de ver a vida.

2.

SENTIMENTAL-INTROVERTIDO



Son persoas pouco faladoras, pero simpáticas, empáticas e sen especiais dificultades para crear vínculos afectivos cun círculo de personas pequeno. Tenden a non demostrar o cariño, maiormente pola falta de espontaneidade á hora de expresar como se senten.

3.

SENSIBLE-INTROVERTIDO



Caracterízase, como todas as personalidades que inclúen o compoñente “introvertido”, por estar enfocada ós fenómenos subxectivos. Mais aquí estes fenómenos están máis relacionados cos estímulos recibidos a través dos sentidos que cos sentimentos. Este tipo de personalidade adoita describir as persoas que se dedican á arte ou á artesanía.

4. INTUITIVO-INTROVERTIDO



O que centra o interese da persoa son fantasías sobre o futuro e o que está por vir, moitas veces a custo de deixar de prestarlle atención ó presente. Estas persoas serían de carácter máis ben soñador: séntense despegadas da realidade inmediata e prefiren dar espazo á imaxinación.

5.

REFLEXIVO-EXTRAVERTIDO



Defínese pola tendencia a crear explicacións sobre todas as cousas a partir do que o individuo ve ó seu arredor. Isto fai que conciba esas explicacións como principios inamovibles sobre como se estrutura a realidade obxectiva. Así, este tipo de persoas terían un xeito de ver as cousas moi característico e que cambia moi pouco co tempo.

6. **SENTIMENTAL-EXTRAVERTIDO**



Son persoas altamente empáticas, con facilidade para conectar cos demais e que gozan moito da compañía. Polo común, teñen unhas habilidades sociais moi boas e unha baixa propensión á reflexión e o pensamento abstracto.

7. SENSIBLE-EXTRAVERTIDO



Este carácter mistura a busca de sensacións novas coa experimentación co contorno e cos demais. As persoas que encaixan neste tipo de personalidade son moi dadas a buscar o pracer na interacción con persoas e contornos reais. Estes individuos son descritos como xente moi aberta ás experiencias novas.

8.

INTUITIVO-EXTRAVERTIDO



Caracterízase pola tendencia a emprender todo tipo de proxectos e aventuras de duración media ou longa, de xeito que cando termina unha fase quere empezar outra decontado. Ademais, intenta facer que o resto de membros da súa comunidade as axuden nos seus proxectos, independentemente de se os demais saen tan beneficiados como el mesmo ou non.

- Créditos das imaxes empregadas:
- Diapositiva 1:
 - https://2.pb.fmcdn.com/es/posts/0/3/8/a_personalidad_se_hereda_formation_y_rasgos_4830_onq.jpg
- Diapositiva 2:
 - <https://pymetabo.com/2551/conversions/carl-jung-tipos-personalidad-wide.jpg>
- Diapositiva 3:
 - <https://lamanteesmaravillosa.com/wp-content/uploads/2016/02/Mujer-dentro-frasco-420x281.jpg>
- Diapositiva 4:
 - https://2.pb.fmcdn.com/es/posts/1/2/9/teoria_de_la_personalidad_segun_carl_jung_3921_0_600.jpg
- Diapositiva 5:
 - https://de10.com.mx/sites/default/files/styles/v2021_247x152/public/2019/03/27/vincent_van_gogh.jpg?tok=ugWNR_hB
- Diapositiva 6:
 - <https://lamanteesmaravillosa.com/wp-content/uplads/2018/05/mujer-en-paracaidas-dentro-de-una-cabeza.jpg>
- Diapositiva 7:
 - <https://thumbs.dreamstime.com/b/inteligencia-de-la-actividad-de-cerebro-16075012.jpg>
- Diapositiva 8:
 - [https://gestion.pe/resizer/0bYAJVvJTGJi-D9Em5_08-ists=/620x0/smart/filters:format\(jpeg\):quality\(75\)/arc-anglerfish-arc2-prod-elcomercio.s3.amazonaws.com/public/2VYT2SQAXBG7NPH2UR76G65JU.jpg](https://gestion.pe/resizer/0bYAJVvJTGJi-D9Em5_08-ists=/620x0/smart/filters:format(jpeg):quality(75)/arc-anglerfish-arc2-prod-elcomercio.s3.amazonaws.com/public/2VYT2SQAXBG7NPH2UR76G65JU.jpg)
- Diapositiva 9:
 - https://lh3.googleusercontent.com/proxy/17w_VTbuwflITB1T5udRWNVDGci5-FNQyG_owMeEEoxc-BAwAuzHgb9wIaiQ5Mjba-KNOEK4VPHyDE7BIYjI13xH6vA9kzSs9M8pYEDQMvw1XAD7FzfcM8eVkc6WCD8hxPnvOvDN1w
- Diapositiva 10:
 - <https://arc-anglerfish-arc2-prod-elcomercio.s3.amazonaws.com/public/BSNXNSAU6JCS3H7S72CGN62KBM.jpg>